

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE A.E.R. SOBRE O VERTEDOIRO DA MARISMA

PLENO 5 SETEMBRO 2013. ACTA 15/2013

ANTECEDENTES.- Moción presentada polo Grupo Municipal de A.E.R., no Rexistro Xeral do Concello, con data 30 de agosto de 2013, que transcrita dí:

"Ao pouco de incorporarnos a esta corporación, tras as eleccións de 2011, interesámonos pola situación do vertedoiro da Marisma. Tardamos en contar co expediente para poder concretar as datas do selado e as condicións de conservación e mantemento que deberían terse en conta.

Recibido dito expediente, procedemos a preguntar polos informes correspondentes ás prescricións que se establecían no proxecto: "Plan de Seguimento Ambiental". Neste faise mención a:

- Datos meteorolóxicos: periodicidade mensual.
- Datos de emisión; auga, lixiviados e gases: periodicidade semestral.
- Asentamento do terreo e capa de selado: periodicidade anual.
- Elementos instalados:
 - Sistema de drenaxe de pluviais: periodicidade bimestral e tras períodos de fortes choivas.
 - Sistema de desgasificación: periodicidade semestral.
 - Sistema de lixiviación: bimestral.
 - Cerramento perimetral: bimestral.
- Rexeneración ambiental
 - Herbáceas: periodicidade ao mes da semente.
 - Arbóreas: periodicidade ou tras períodos de fortes choivas.
 - Reportaxe fotográfica: periodicidade semestral.

Pois ben, 10 anos despois do selado non existía no Concello informe algún sobre este seguimento prescrito no proxecto, nin constaba que se fixese seguimento algún.

Parece que o noso interese deu lugar a que se puxese en marcha un proxecto que nos permita saber cal é o estado dese vertedoiro do que “gozamos” en pleno centro de Redondela, mesmamente na zona escolar e deportiva.

Claro que ese proxecto tardou dous anos en concretarse e, por fin, uns once anos despois do selado dese montón de “lixo”, por fin, con data de 17 de xaneiro de 2013, dispoñemos dun informe sobre a situación realizado polas empresas OCA Socotec e Esgan. En dito informe podemos atopar as seguintes recomendacións:

- Planificar e realizar labores periódicas de mantemento da canle de pluviais.
- Facer limpeza da arqueta de lixiviados e observar se realmente se produce lixiviado.
- Control, eliminación e contención de xestas, acacias e especies arbóreas que acadando certo porte, poden chegar a deteriorar a lámina de impermeabilización.
- Dado que existe un crecemento de maleza importante e que a actividade bioquímica semella ser case anecdótica, sería necesario revisar a necesidade de mantelo pechado.

En outras instalacións destas características, tense dado un uso recreativo (paseo, ou similar).

PROPOSTA DE ACORDO

1.- Realización dun estudo definitivo que determine a necesidade de manter pechado este montón de lixo ou se se pode proceder á revisión da súa situación.

2.- Consensuar un proxecto de aproveitamento público da zona consonte co entorno educativo-deportivo.”

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./Sras. concelleiros/as, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) aprobou, nos seus propios termos, a Moción do Grupo Municipal de A.E.R., nos antecedentes transcrita.-